

Informe de xestión do reitor. Memoria 2008

Convocouse este Claustro para dar cumprimento ao mandato estatutario que establece a obriga do reitor de presentar un informe anual de xestión.

Durante a última semana estivo colgado na intranet, ao dispor dos señores claustrais, o documento completo con toda a información que hoxe presentamos tamén en formato de libro e en cedé.

Como vén sucedendo ao longo destes anos, o documento vai máis alá dun estrito informe de xestión das responsabilidades que lle corresponden ao reitor e ao Consello de Dirección. Incorporamos tamén información da xestión administrativa ordinaria e do persoal, pero sobre todo un amplo número de táboas e gráficos nos que se reflicte a actividade xeral da Universidade en campos como a investigación, a mobilidade de estudantes e profesores ou a transferencia de coñecemento, por poñer algúns exemplos.

Esta información, que trascende a xestión reitoral, resulta sen embargo imprescindible para compoñer o retrato actual da nosa Universidade. A análise dos parámetros necesarios para diagnosticar o estado de saúde da nosa institución e para saber, conscientes das posicións das que partimos, cómo evolucionamos dun ano para outro.

►►► Sen lugar a dúbidas, ao facer balance de 2008 temos que nos referir en primeiro lugar, á incorporación dos **dous primeiros graos** á nosa oferta académica. Os estudantes que se matricularon neste curso en Terapia Ocupacional e en Socioloxía rematarán a súa carreira, de catro anos, xa como graduados e non como licenciados. Un cambio histórico que abre a serie de transformacións das nosas titulacións e que se completará nos dous cursos vindeiros, para executar as reformas introducidas no sistema universitario pola incorporación de España ao Espazo Europeo de Educación Superior.

En paralelo á posta en marcha dos novos graos na Facultade de Ciencias da Saúde e na Facultade de Socioloxía, 2008 foi un ano de intensísimo traballo nos centros para preparar o resto dos graos. E déixenme que destaque de novo o que xa dixen publicamente en varias

ocasións e repetín a semana pasada na toma de posesión dos novos decanos e directores de escolas e de departamentos: sinto unha gran satisfacción polo elevado grao de compromiso e responsabilidade evidenciado por todos os implicados neste complexo e prolongado proceso.

Porque, efectivamente, o proceso veu cheo de incertezas e de atrancos non sempre imprevisibles, pero si en todo caso alleos ao traballo e á disposición da Universidade da Coruña. Movémonos no marco legal no que nos movemos, non somos nós os que marcamos os camiños nin os tempos. Mais isto non foi óbice, nin o será no futuro inmediato, para que as transformacións se fagan correctamente. Por nós non vai quedar se seguimos nese camiño de colaboración institucional comezado coa preparación dos novos mestrados oficiais. Unha colaboración que necesariamente ten que ser crítica, pero que é fundamentalmente iso: **colaboración**.

Como froito dese traballo executado en 2008, nuns meses, cando empece o curso 2009-2010, entrarán en vigor outros **vinte e catro novos graos**. Sumaranse aos mestrados oficiais, que neste curso son xa 32, trece deles de carácter interuniversitario.

►►► Noutro dos asuntos máis destacados do ano conflúen dúas liñas de traballo do meu equipo de goberno. Porque as obras acometidas no **Parque Tecnolóxico** supoñen, por unha banda o principal esforzo en materia de infraestruturas e, por outra, un substancial reforzo para o Parque Tecnolóxico. Así:

- Comezou a construción do Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (**CICA**)
- Comezou a ampliación do Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (**CITIC**)
- E comezou a ampliación do Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (**CITEEC**).

Foi, xa que logo, un ano moi positivo para o desenvolvemento dun dos proxectos centrais do meu equipo de goberno. A actividade dos tres centros tecnolóxicos xa operativos queda reflectida, de xeito moi sintético e claro, na Memoria que elaboramos para este Claustro.

Cos proxectos actualmente en marcha a Universidade da Coruña contará con máis de 285.000 metros cadrados edificados nunha superficie de solo nos campus da Coruña e de Ferrol que se achega aos 800.000 metros cadrados. Entre eses proxectos en marcha salienta

o da residencia universitaria Elviña. Logo dos retrasos acumulados na súa tramitación, agardamos a inmediata concesión da licencia municipal desta ansiada obra, que consideramos fundamental dentro da función de servizo público encomendada á Universidade da Coruña.

Teño que engadir que, coa ollada posta na próxima década, a Universidade impulsou unha serie de iniciativas que se incorporaron ao documento de revisión do Plano Xeral de Ordenación Urbana da Coruña. Isto, permitirá, entre outras cousas, dispoñer do solo urbano clasificado necesario para o noso desenvolvemento. Do mesmo xeito, en Ferrol expuxémoslle ao Concello a conveniencia de prever no seu planeamento a futura ampliación do campus universitario.

►►► Permítanme tamén que lles lembre **tres datos importantes** que, dalgún xeito, exemplifican a progresión da nosa Universidade ao longo de 2008.

En primeiro lugar, o importante tirón que experimenta a **captación de recursos externos para investigación**, un aspecto en que, como saben, partiamos hai poucos anos de posicións baixas. O incremento en máis de millón e medio de euros supón que a captación de recursos medra por enriba do 11%. Un bo indicador no camiño correcto.

En segundo lugar, a pesar da caída sostida do número global de estudantes de primeiro e de segundo grao (de orixe demográfica, como se sabe), levamos xa dous anos rexistrando un repunte no cómputo de novas matrículas. Un repunte pequeno, pero repunte ao cabo, o que non deixa de constituír outro indicador moi positivo, un reflexo da nosa **capacidade de atracción** entre a mocidade que decide cursar estudos superiores.

E en terceiro lugar, non quixera que pasara desapercibido o despegue no número de estudantes da Universidade da Coruña que saen a outras universidades europeas dentro do Programa Erasmus. Estamos diante dun indicador de mobilidade que adoitaba ir por debaixo dos *erasmus* entrantes e que agora practicamente se iguala. O aumento en máis de cen estudantes implica que **a cifra de erasmus saíntes se incrementou en case un 43 por cento**. Non está mal. Debemos aspirar a que estas cifras non só se manteñan en anos vindeiros, senón que crezan de xeito estable.

Son tres datos significativos sacados de entre os moitos que se inclúen no informe. Nel detállanse todos os avances rexistrados nas distintas áreas de xestión e de goberno.

Vemos, xa que logo, que o 2008 foi un ano de transformacións e de progreso. Un ano no que continuamos a desenvolver, con normalidade, as bases programáticas respaldadas pola comunidade universitaria para este segundo mandato á fronte da reitoría. A estabilidade e a cohesión na acción de goberno permitíronnos, un ano máis, avanzar na execución do noso programa e, sobre todo, poñer en marcha ou completar as accións recollidas no Plano Estratégico en vigor.

Esta última cuestión ten particular significación no que atinxe á xestión económica. O exercicio de 2008, como se expresa na Memoria, foi **un ano de consolidación** das contas e de consolidación dos instrumentos de planificación. Os proxectos reflectidos no Plano Estratégico marcaron a orientación do orzamento, que foi o primeiro que se presentou na compañía dun plano operativo anual.

Teñen vostedes diante as contas dunha **institución sana e saneada**, cun orzamento positivo. Positivo un exercicio máis. Esta é unha das nosas fortalezas para afrontar a negociación do novo plano de financiamento coa Xunta de Galicia. Como é lóxico, estamos á agarda de que se constituía a nova administración autonómica para coñecer as directrices académicas e orzamentarias do novo Goberno galego.

Mais nada. Deseguido, con moito gusto eu e os membros do Consello de Dirección ampliarémoslle a información que desexen sobre o Informe de Xestión de 2008. Moitas grazas.

A Coruña, 26 de marzo de 2009